

I Xornada en Santiago de Compostela

O 13 de decembro de 2008 celebráronse en Santiago de Compostela as primeiras xornadas galegas de dislexia "**Dislexia, Cultura e Sociedade**", na facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela.



As xornadas tiveron unha cumprida acollida, con preto de 350 matriculados e outras moitas persoas que por falta de espazo non puideron asistir.



Foron inauguradas polo Vicerreitor de Cultura Don Elías J. Torres Feijó, o Decano da Facultade de Ciencias da Educación Don Rodolfo Lois Ferradás Blanco, a Presidenta da asociación AGADIX Dona M^a Carmen Díaz Fernández e pola Presidenta das xornadas Dona Paula Outón Oviedo.

O primeiro relator das xornadas foi o profesor da facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela, don *Andrés Suárez Yáñez* que fixo na súa exposición unha clara e ampla reflexión sobre a lectura e a escritura. Falou da exactitude lectora parella á exactitude ortográfica, básicas ambas as dúas e necesarias para chegar a unha correcta comprensión lectora e composición escrita.



O segundo relatorio da mañá estivo a cargo de dona *Helena Dos Anjos Serra*, profesora-coordenadora da Escola Superior da Educación de Paula Frassinetti e Vicepresidenta da Associação Portuguesa de Dislexia. Relatorio centrado na explicación da evolución na definición do termo dislexia, características

fundamentais do trastorno, causa e orixe, manifestacións desta na escola, valoración e intervención.

Despois dun descanso para a comida, fixo a súa presentación Dona *Paula Outón Oviedo*. Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, e Vicepresidenta da asociación AGADIX. A profesora Outón é na actualidade, a nivel rexional e nacional, unha das persoas máis implicadas na investigación, valoración e tratamento no campo da dislexia. No seu relatorio fixo unha clara exposición da dislexia: definición, os seus inicios, probas de detección, programas de intervención... Ademais de deleitarnos cun fermoso conto dun patíño que cos seus quefaceres diarios nos explicou o día a día dun disléxico.



Para rematar a xornada presentáronse varias comunicacións:

- Utilización das TIC como actividades de reforzo na aula, de Juan Vicente Poza Bóveda e María José Mariño Piño.
- A dislexia e as dificultades de aprendizaxe en matemáticas: diagnóstico dun caso, de Rebeca Abal González, M^a Carmen Ares Buján e Paula Outón Oviedo.
- Diagnóstico e recuperación en linguaxe escrita en dous casos de dificultades de aprendizaxe escolar, de Benito González Oubiña.
- Recursos para a lectoescritura, de Teresa Díaz e Rebeca San Pedro.